



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico A Ruña II (concellos de Mazaricos e Dumbría, A Coruña), promovido por Eurovento SLU, clave 2010/0235,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto afectaría directamente ós hábitats "4020 Daboecion cantabricae" e "91E0 Osmundo-Alnion" de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo coa documentación recibida e coas categorías contempladas na Directiva 2009/147/CE, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a 4 especies catalogadas (*Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Streptopelia turtur*, *Sylvia undata*)
3. Que no "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" non se tiveron en conta as posibles afeccións a anfibios, réptiles e mamíferos.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico A Ruña II (concellos de Mazaricos e Dumbría, A Coruña), promovido por Eurovento SLU, clave 2010/0235:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos cos Parques Eólicos Paxareiras II-F e Currás, do mesmo promotor e situados a menos de 2 km de distancia.
2. Avalíe os efectos sobre ós hábitats "4020 Daboecion cantabricae" e "91E0 Osmundo-Alnion", así como as posibles alternativas para minimizalos.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios e micromamíferos: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. (*Milvus migrans*, *Caprimulgus europaeus*, *Streptopelia turtur*, *Sylvia undata* e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2011